

INFORMACIÓN SOBRE AS PROBAS DO DELF SCOLAIRE EN GALICIA CURSO 2025/2026

1-. Que é o *DELF Scolaire* ?

Os diplomas DELF (*Diploma de Estudos en Lingua Francesa*) son os diplomas oficiais de lingua francesa expedidos polo Ministerio de Educación Nacional de Francia e recoñecidos internacionalmente por 174 países. A súa validez é indefinida.

O alumnado dos centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia poderá presentarse ás probas para a obtención deste diploma ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España (SCAC) polo que se implanta o diploma DELF Scolaire en Galicia.

O diploma DELF Scolaire ten a mesma validez oficial que o DELF para adultos. As probas están adaptadas para o alumnado adolescente e as taxas de exame son reducidas para o alumnado tras a sinatura do convenio de colaboración entre as autoridades educativas.


No ámbito académico, as certificacións DELF favorecen a mobilidade estudantil internacional ao certificar o coñecemento en lingua francesa: o DELF B2 constitúe un acceso directo ás universidades francesas e facilita presentarse para obter unha bolsa Erasmus.

Os niveis ofertados no DELF Scolaire corresponden aos niveis A2, B1 e B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). As probas de acceso aos diferentes niveis son independentes e o alumno/a decide o nivel no que se matricula.

Cada diploma avalía as 4 destrezas lingüísticas: comprensión e expresión escritas e comprensión e expresión orais. Para obter o diploma deberanse acadar 50 puntos sobre 100 no conxunto da proba. A nota mínima en cada destreza é de 5/25. A nota dunha destreza pode compensar unha nota máis baixa noutra destreza.

O primeiro convenio do DELF Scolaire entre a Consellería e o SCAC foi asinado en 2016 e a primeira edición do exame tivo lugar en abril de 2017. En consecuencia, no ano 2026 conmemorárase o décimo aniversario da sinatura do mesmo.


2-. Datos da edición de 2025




DELF SCOLAIRE 2025 Galicia

1130 candidatos

132 centros educativos



Tasa de aprobados



3-. Que alumnado poderá presentarse ao DELF Scolaire?

Todos o alumnado de centros públicos de ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia que estuden a materia de Francés como primeira ou segunda lingua estranxeira nas etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato ou participe en programas de plurilingüismo en Francés promovidos pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

4-. Onde se realizan as probas do DELF scolaire?

As probas do DELF Scolaire realizaranse en centros educativos designados pola Consellería. Cada un destes centros está vinculado a un centro oficial das Alianzas Francesas de Galicia -acreditados por *France Education International*- que contan con profesorado con formación pedagóxica específica habilitado oficialmente como persoa examinadora e correctora do DELF.

CENTROS DE REALIZACIÓN DE PROBAS	CENTRO OFICIAL CORRESPONDENTE
A Coruña: IES Eusebio da Guarda	Alianza Francesa de A Coruña
Lugo: IES Ánxel Fole	Alianza Francesa de A Coruña
Ourense: IES Blanco Amor	Alianza Francesa de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela: IES Xelmírez I	Alianza Francesa de Santiago de Compostela
Pontevedra: IES A Xunqueira II	Alianza Francesa de Vigo
Vigo: IES Santo Tomé de Freixeiro	Alianza Francesa de Vigo

5-. Proceso de inscrición do alumnado e prazo de matrícula.

- O prazo de matrícula está aberto do **2 ao 27 de febreiro de 2026** na Alianza Francesa correspondente.
- A matrícula do alumnado realizarase mediante unha plataforma on-line deseñada a tal efecto. A finais de xaneiro de 2026, o enlace da plataforma será enviado pola Alianza Francesa correspondente aos centros educativos.
- Os centros que **non** presentaran aos seus alumnos na anterior convocatoria deberán enviar o **Anexo I** á dirección de correo electrónico **vincent.counil@institutfrancais.es** **antes do 9 de xaneiro de 2026** ademais de formalizar posteriormente a súa matrícula na Alianza Francesa correspondente.
- As Alianzas Francesas de A Coruña, Santiago e Vigo convocarán os centros e alumnado interesados no lugar de realización das probas que lles corresponda nas datas previstas.
- Unha vez formalizada a matrícula, as Alianzas Francesas remitirán á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional un listado cos datos do alumnado e dos centros participantes.

6-. Datas de realización das probas.

O diploma DELF ofrece unha convocatoria anual que, para o curso 2025-2026, terá lugar nas seguintes datas:

NIVEIS	PROBAS ESCRITAS (COLECTIVAS)	PROBAS ORAIS (INDIVIDUAIS)	TARIFAS	Data de publicación dos resultados: 12/06/26
DELf scolaire A2	Xoves 23 de abril de 17.00 a 18.40	Entre o xoves 16 de abril e o xoves 15 de maio	80,50 €	
DELf scolaire B1	Mércores 22 de abril de 17.00 a 18.55		112,00 €	
DELf scolaire B2	Xoves 23 de abril de 17.00 a 19.30		131,60 €	

7-. Información de interese

<https://www.delf-dalf.es/delf-scolaire/delf-escolar>

7.1 Modelos de exames DELF

<https://www.delf-dalf.es/modelos-de-examenes/modelos-de-examenes>

<https://www.france-education-international.fr/diplome/delf-junior-scolaire?langue=fr>

7.2 Alianzas Francesas en Galicia

Nas web das Alianzas Francesas poderase atopar máis información sobre as modalidades de pago, as follas de inscrición e o procedemento de matrícula do alumnado candidato.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



Alliance Française
Espagne



**AMBASSADE
DE FRANCE
EN ESPAGNE**

Liberté
Égalité
Fraternité



Os centros de exame (as Alianzas Francesas) están dispostos a impartir ao profesorado interesado unha sesión informativa sobre as probas do *DELF*.

A finais de novembro ou principios de decembro de 2025, as tres alianzas francesas organizarán unha reunión en liña dirixida aos centros educativos da súa zona xeográfica.

Alliance Française de A Coruña

Rúa Real, 26-1º

15003 A Coruña

Teléfono: 981 222 356 Correo electrónico: delfdalf@afcoruna.com

Web: <http://www.afcoruna.com>

Alliance Française de Santiago de Compostela

Plaza de Vigo, 2 Bajo

15701 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 561 639 Correo electrónico: delf@afsantiago.es

Web: <http://www.afsantiago.es>

Alliance Française de Vigo

Rúa República Argentina, 22 - 1º

36201 Vigo

Teléfono: 986 436 109 Correo electrónico: delfscolaire@alliancevigo.org

Web: <https://alliancevigo.org>